| TÍTULO | Condicións que acreditan mérito deportivo , experiencia profesional ou deportiva |
|---|---|
| TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO<br><br>EN FÚTBOL | -Deportistas que acrediten a condición de deportista de alto nivel ou deportista de alto rendemento nas condicións que establece o Real Decreto 971/2007, do 3 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento para a modalidade deportiva de Fútbol.<br><br>- Deportistas que acrediten a condición de deportista de alto rendemento ou equivalente na modalidade de Fútbol, establecida polas comunidades autónomas de acordo coa súa normativa.<br><br>- Deportistas que acrediten ter sido seleccionados/as, pola respectiva Real Federación Española de Fútbol, para representar a España en categorías internacionais en categoría absoluta, polo menos unha vez nos últimos dous anos. Tal acreditación realizarase mediante certificado expedido polo Consello Superior de Deportes.<br><br>- O xogador ou xogadora na modalidade de fútbol que, no prazo dos últimos dous anos, pertencese polo menos unha tempada ao cadro de persoal dun equipo que tomase parte nalgunha competición de categoría nacional. Tal condición acreditarase mediante certificado expedido pola Real Federación Española de Fútbol ou polas súas federacións territoriais en caso de competicións delegadas. |
| TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO<br><br>EN FÚTBOL SALA | - Deportistas que acrediten a condición de deportista de alto nivel ou deportista de alto rendemento nas condicións que establece o Real Decreto 971/2007, do 3 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento para a modalidade deportiva de Fútbol Sala.<br><br>- Deportistas que acrediten a condición de deportista de alto rendemento ou equivalente na modalidade de Fútbol Sala, establecida polas comunidades autónomas de acordo coa súa normativa.<br><br>- Deportistas que acrediten na modalidade de fútbol sala ter sido seleccionados/as, pola respectiva Real Federación Española de Fútbol, para representar a España en categorías internacionais en categoría absoluta, polo menos unha vez nos últimos dous anos. Tal acreditación realizarase mediante certificado expedido polo Consello Superior de Deportes.<br><br>- O xogador ou xogadora na modalidade de fútbol sala que, no prazo dos últimos dous anos, pertencese polo menos unha tempada ao cadro de persoal dun equipo que tomase parte nalgunha competición de categoría nacional. Tal condición acreditarase mediante certificado expedido pola Real Federación Española de Fútbol ou polas súas federacións territoriais en caso de competicións delegadas. |

| TÍTULO | Condicións que acreditan mérito deportivo , experiencia profesional ou deportiva |
|---|---|
| TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO<br><br>EN ATLETISMO | -Deportistas que acrediten a condición de deportista de alto nivel ou deportista de alto rendemento nas condicións que establece o Real Decreto 971/2007, do 3 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento para a modalidade deportiva de Atletismo.<br><br>- Deportistas que acrediten a condición de deportista de alto rendemento ou equivalente na modalidade de Atletismo, establecida polas comunidades autónomas de acordo coa súa normativa.<br><br>-Deportistas que acrediten ter participado, alo menos unha vez, nun campionato de de España absoluto, sub 23, sub 20 ou sub 18. Esta condición deberá ser acreditada pola Real Federación Española de Atletismo. |
| TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO<br><br>EN BALONCESTO | - Mérito deportivo: competir durante polo menos unha tempada en calquera categoría de competición federativa dende a categoría infantil ata a categoría absoluta. A Federación Española de Baloncesto emitirá o correspondente certificado que acredite a posesión do mérito deportivo.<br><br>- Deportistas que acrediten a condición de deportista de alto nivel ou deportista de alto rendemento nas condicións que establece o Real Decreto 971/2007, do 3 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento para a modalidade deportiva de Baloncesto.<br><br>- Deportistas que acrediten a condición de deportista de alto rendemento ou equivalente na modalidade de Baloncesto, establecida polas comunidades autónomas de acordo coa súa normativa.<br><br>- Deportistas que acrediten ter sido seleccionado/a pola Federación Española de Baloncesto para representar a España, dentro dos dous últimos anos, en polo menos unha competición oficial internacional de categoría absoluta,na modalidade correspondente. Entenderase como "competición oficial" os Campionatos de Europa ou do Mundo en baloncesto. |

| TÍTULO | Condicións que acreditan mérito deportivo , experiencia profesional ou deportiva |
|---|---|
| TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO EN BALONMÁN | - Mérito deportivo: competir durante polo menos unha temporada en calquera categoría de competición federativa dende a categoría infantil ata a categoría absoluta. A Federación Española de Balonmán emitirá o correspondente certificado que acredite a posesión do mérito deportivo.<br><br>- Deportistas que acrediten a condición de deportista de alto nivel nas condicións establecidas polo Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, de deportistas de alto nivel e alto rendemento da modalidade ou especialidade deportiva de balonmán.<br><br>- Deportistas que acrediten a condición de deportista de alto rendemento ou equivalente na modalidade de balonmán, establecida polas comunidades autónomas segundo a súa normativa.<br><br>- Deportistas que acrediten ter pertencido durante unha tempada ao plantel dun club de categoría nacional ou ter participado en 4 competicións oficiais nacionais de balonmán praia. |
| TÉCNICO DEPORTIVO EN VELA CON APARELLO FIXO E TÉCNICO DEPORTIVO EN VELA CON APARELLO LIBRE | - Deportistas que acrediten a condición de deportista de alto nivel ou deportista de alto rendemento nas condicións que establece o Real Decreto 971/2007, do 3 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento para a modalidade deportiva correspondente.<br><br>- Deportistas que acrediten a condición de deportista de alto rendemento ou equivalente na modalidade deportiva correspondente, establecida polas comunidades autónomas de acordo coa súa normativa.<br><br>- Deportistas que acrediten ter sido seleccionado/a pola Real Federación Española de Vela para representar a España, dentro dos dous últimos anos, en polo menos unha competición oficial internacional de categoría absoluta, na modalidade ou especialidade correspondente.<br><br>- Deportistas que acrediten ter quedado clasificado/a entre os 5 primeiros/as nalgún dos campionatos do Mundo, de Europa ou de España na modalidade correspondente. |